



Anexo I

Custos do Servizo de Mediación do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

1. Os custos de mediación incluírán os dereitos de xestión e administración do servizo de mediación, así como os honorarios polos servizos profesionais dos mediadores.
2. Non están incluídos nos honorarios dos mediadores nin nos dereitos de xestión e administración os gastos de protocalización e homologación do acordo, nin tampouco calquera outra actuación que se realice por acordo ou interese das partes.

Táboa de custos:

a) Dereitos de inscrición no Rexistro de Mediadores do ICA de Santiago

- 25 € persoa física
- 50 € sociedade (con designación dun só socio como mediador; se se designa máis, 25 € por cada un)

b) Dereitos colexiais de xestión e administración

- Asuntos de contía indeterminada ou inferior a 18.000 €: 150 €
- Asuntos de contía entre 18.001 € e 300.000 €: 300 €
- Asuntos de contía entre 300.001 € e 600.000 €: 500 €
- Asuntos de contía superior a 600.001 €: 800 € (neste caso, a este importe sumaráselle o 5 % dos honorarios devindicados polo mediador)

Estas cantidades fixas inclúen as catro primeiras sesións; a partir da quinta, cobrarase por sesión a cantidade que corresponda de dividir a cota fixa de cada tramo entre catro.

No caso de que as partes designen de mutuo acordo un mediador que non figure no Rexistro de Mediadores do ICA de Santiago, os presentes dereitos colexiais serán incrementados nun 25 %.



c) Honorarios dos mediadores

- Sesión informativa:..... **50 €**
- Asuntos de contía indeterminada ou que superen os 18.000 €:.....**400 €** (máximo 4 sesións, a partir da 5ª, 90 € máis por cada sesión)
- Asuntos de contía 18.001 € a 100.000 €:.....**600 €** (máximo 4 sesións, a partir da 5ª, 110 € máis por cada sesión)
- Asuntos de contía 100.000 € a 299.999 €:..... **900 €** (máximo 4 sesións, a partir da 5ª, 120 € máis por cada sesión)
- Asuntos de contía igual ou superior a 300.000 €:..... aplicarase a escala tipo das Normas de honorarios ao 5 %.